

ANUNCIO

Por decreto de Alcaldía nº 200/2026 de data 12 de maio de 2026 aprobáronse as bases para a contratación de 6 desempregados como Traballadores forestais en xeral, encadrados no Programa de Emprego Galicia Suma Talento: Rural Activo

A data límite para inscribirse na Oficina de Emprego Santiago Norte, será o día 19 de maio de 2026.

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O ANO 2026. PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

1. OBXETO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases a contratación coma persoal laboral temporal de seis (6) postos de Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural, ao abeiro da axuda concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en aplicación da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G). DOG. Nº24 do xoves 5 de febreiro.

As funcións a desenvolver serán tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal. A modalidade contractual: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15 da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A natureza do contrato será na modalidade de “interese social corporacións locais» ” (artigo 15 do RDL 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada), a tempo completo. A selección dos/as traballadores/as será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de oposición.

A retribución do salario bruto incluída a parte proporcional das pagas extras da persoa traballadora será: OCUPACIÓN CÓDIGO 64101051 de **Traballadores forestais en xeral**, o salario será 1.424,5€ euros/mes. A duración do contrato será de 9 meses a xornada completa.

De conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramitarase de urxencia.

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

A modalidade de contrato será a de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 15.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería Emprego, Comercio e Emigración.

Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ó 100% (coeficiente 1.0) cunha xornada de 37.5 horas semanais e terán unha duración de 9 meses. Tipo de contrato: **Contrato de traballo** vinculado a programas de políticas activas de emprego. Cláusula: interese social corporacións locais

3. PUBLICIDADE.

Estas bases, así como os resultados das probas a efectos de notificación dos/as interesados/as, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levaranse a cabo a través do Taboleiro de anuncios do concello, (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/>), (artigo 45.1.b), , da Lei 39/2015 do procedemento administrativo), da sede electrónica e da páxina web municipais. (www.concellodenegreira.gal).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

- a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Informe médico actualizado obrigatorio presentalo no momento da solicitude coa instancia.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin

que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Permiso de conducir tipo B.

f) Posuír a titulación esixida: Titulación mínima requirida; ESO.

· Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio natural: ESO ou Titulación superior. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fielmente a súa homologación.

g) Terán preferencia, en todo caso, e valorarase a razón de 1 punto por atoparse nalguna das situacións que se relacionan a continuación os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, referidos no artigo 14.6 do DOG. Núm. 24 do 5 de febreiro de 2026, esta condición acreditarase no momento de presentación da solicitude (Anexo I), tales como:

1. Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
2. Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
3. Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
4. Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
5. Persoas paradas de longa duración.
6. Persoas con discapacidade.
7. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
8. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
9. Persoas trans.
10. Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

h) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega. En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas incapacitadas ou menores en acollemento.

Todos os requisitos anteriores deberán terse ata o momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego en situación de desemprego, e anotarse antes do cruzamento da oferta no dito organismo, na ocupación solicitada: **“64101051 - Traballadores forestais en xeral”**.

Unha vez remitidas as persoas candidatas polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o Concello de Negreira) porase en contacto coas persoas preseleccionadas e comunicarlle ás persoas candidatas preseleccionadas, a posibilidade de participar en este programa así como o día e a hora de presentación no Concello para a realización da proba práctica e da proba escrita, así como a documentación que deberán presentar para ser admitidos no proceso selectivo.

Como data límite para anotarse na oficina de emprego, Santiago Norte establécese o día 19 de maio, ea oferta de traballo cruzarase a partir do día 20 de maio de 2026,

Unha vez citados polo Concello de Negreira, os candidatos manifestarán o seu interese en participar no programa mediante a presentación da seguinte documentación, esta documentación é obrigatoria e no caso de que non se acompañe coa solicitude será motivo de exclusión do proceso.

- Anexo I (Instancia de solicitude)
- Declaración datos DNI.
- Fotocopia carnet de conducir B.
- Titulación esixida (ESO ou superior)
- Acreditación do Celga 3, ou solicitude para a realización da proba no caso de non posuílo.
- Informe do médico, onde se acredite que se posúe a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas referidas no posto de traballo. (No caso de que a persoa non poida acreditalo no momento de presentación de instancias deberá acreditalo antes da súa contratación) Sin perxuízo de que no momento que se realice o contrato a entidade local lle realice o correspondente recoñecemento médico.
- Declaración de cumprir algún dos requisitos sinalados nos puntos 4.g) como criterio preferente destas bases. Tendo en conta que para acreditar algún dos puntos referidos é preciso presentar a SOLICITUDE (Anexo I) para que se puntúe 1 punto como criterio preferente, no caso de non acreditala no momento de presentación da



solicitude NON será puntuable:

*****Persoas desempregadas que participaran en talleres de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas relacionadas. TITULACIÓN ACREDITATIVA. Certificado de profesionalidade.**

***** Mulleres, persoas < 30 anos, persoas > 45 anos
DECLARACIÓN DATOS DNI.**

***** Parados de longa duración e demandantes do primeiro emprego <30 anos
INFORME DE VIDA LABORAL ACTUALIZADO ou INFORME SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO.**

***** Persoas con discapacidade nun grado igual ou superior ó 33% oficialmente recoñecido.
CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE ACOMPAÑADO CUN INFORME MÉDICO NO CAL SE ACREDITE QUE O ASPIRANTE PODE DESENVOLVER AS FUNCIÓNS DO POSTO.**

***** Persoas trans.
DOCUMENTACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO CIVIL DA RECTIFICACIÓN DA MENCIÓN REXISTRAL DO SEXO.**

***** Persoa emigrante retornada.
CERTIFICADO DE EMIGRANTE RETORNADO.**

*****Persoa estranxeira.
AUTORIZACIÓN OU PERMISO DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA.**

***** Mulleres que acrediten a condición de Vítima de Violencia de Xénero
SENTENCIA**

***** Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito
INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS**

***** Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS**

***** E o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares (ter a cargo o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS**

-CELGA 3 ou documento equivalente, se fora o caso. De non posuír este título debera solicitar a súa realización no Anexo I.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN.

A Pre-selección das persoas candidatas será mediante a presentación de oferta pública de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e polo sistema de Oposición. (Oficina de emprego Santiago Norte) Rúa do Coto.

O Tribunal comprobará os datos dos candidatos, e elaborará unha listaxe de admitidos provisional éste citará os candidatos preseleccionados para a presentación da documentación así como a instancia (anexoI) manifestando o seu interese de participar no proceso.

Esgotado o prazo para presentar instancias, o Tribunal elaborará unha listaxe de admitidos definitivos, e citará ós participantes para unha proba práctica (fase oposición) de carácter eliminatória e outra proba teórica (tipo test) que tamén terá carácter eliminatorio, ámbalas dúas probas sumaran a puntuación total obtida no proceso.

O proceso de selección constará de unha fase, a fase de oposición, e outra onde tan só se valorarán os criterios de preferencia de entrada (1punto).

- 1º FASE DE OPOSICIÓN.(Máximo 20 puntos)

I. Exercicio práctico. (Máx. 10 puntos) Eliminatória

I. Exercicio Tipo test.(Máx. 10 puntos) Eliminatória

III. Proba de Galego. (So para as persoas que non acrediten o galego)

Esta fase está formada por dous exercicios, unha proba práctica e outra escrita (tipo test), ámbalas dúas eliminatorias. A proba práctica será a primeira en desenvolverse, despois procederáse a realizar o exercicio tipo test e ámbalas dúas probas teñen carácter eliminatorio.

1º - EXERCICIO PRÁCTICO (10 puntos)

Con carácter **obligatorio e eliminatorio**, consistirá na realización dunha proba práctica directamente relacionada coas funcións a desenvolver no exercicio do posto de traballo. A proba está dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre o posto de traballo a desenvolver, a profesionalidade e o coñecemento do medio.

O tribunal valorará a rapidez e adecuación da resposta da persoa aspirante á situación proposta, a capacidade de valoración da situación á que se enfronta e a súa pericia no manexo da situación. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio.

2º- EXERCICIO TEÓRICO.- EXERCICIO TIPO TEST (10 puntos)

Este exercicio será o primeiro en desenvolverse, quen non se presente ou quen acade unha puntuación inferior a 5 puntos, será eliminado do proceso. Consistirá na realización dun exercicio tipo test formado por vinte e cinco preguntas (25) sobre o temario descrito, durante un tempo máximo de corenta minutos (40'). O test contará con tres posibles respostas, sendo tan só unha delas a correcta, as contestacións erróneas non se valorarán negativamente. A puntuación máxima é de 10 puntos. A razón de 0,40 puntos cada pregunta contestada correctamente.

Para a superación de dita proba será preciso obter unha calificación mínima de 5,20 puntos, e dicir ter contestadas correctamente 13 preguntas. Os candidatos que non superen esta proba quedaran eliminados do proceso, así mesmo os candidatos que non se presenten a esta proba escrita tamén quedarán eliminados do proceso.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

TEMARIO

- 1.- O Concello de Negreira, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, maquinaria, vehículos, ferramentas e demais medios dos que dispón.
- 2.- Coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, corta céspede, desbrozadora, tractor, coche con remolque ...).
- 3.- Normas de seguridade e saúde laboral (Prevención de riscos).
- 4.- Limpeza pública.
- 5.- Tipos de traballos a realizar polos operarios forestais.
- 6.- Organización do servizo de xardinaría e servizo de brigadas forestais.
- 7.- Retirada de residuos.
- 8.- Coñecementos a cerca das limpezas e adecentamentos forestais, organización do traballo e desbroce municipal.
- 9.- Prevención de incendios forestais.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do

CELGA 3 ou equivalente. Esta proba non formará parte da fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega.

- CRITERIOS PREFERENTES.- (1 PUNTO)

Tal e como se establece no artigo 14.6 da orde do 22 de xaneiro de 2026, as persoas que acrediten que pertencen a algún dos criterios establecidos no apartado 4.g) e así o acrediten coa súa solicitude (Anexo I) asignaráselle 1 punto.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos dous procesos (parte práctica e parte teórica), en caso de empate nas puntuacións resolverase tendo en conta os seguintes criterios;

- 1) Existencia de responsabilidades familiares.(entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento).
- 2) Non percibir ningún tipo de axuda por desemprego.
- 3) Maior puntuación acadada na parte da práctica na fase de oposición.

7. PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación total máxima do proceso será de 21 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación dos candidatos seleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso, de forma provisional establecendo un prazo de dous (2) días hábiles tras esta publicación para efectuar calquera emenda ou alegación.

Transcorrido este prazo publicarase a listaxe definitiva e proporase a Alcaldía a contratación dos candidatos.

8.- TRIBUNAL

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen

realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Negreira.

O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

A composición do Tribunal seleccionador, publicarase coa listaxe definitiva de participantes citados para a realización das probas.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Tarxeta Sanitaria.
- Xustificante da Conta Bancaria.
- Informe médico actualizado.

Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

Establecese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, con sede na Rúa do Carme nº3, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitudes asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei”.

Negreira, na data do certificado dixital

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez



PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS: _____
DNI: _____
TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____
ENDERZO: _____

A persoa que asina abaixo manifesta querer participar no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

→ 64101051 - TRABALLADORES FORESTAIS EN XERAL.

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira.

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- Declaración DNI.
 Permiso de conducir B.
 Celga 3.
 Solicitud de realización da proba de galego Celga 3.
 Informe do médico de cabeceira.
 Documentación complementaria, que acredite que o aspirante pertence a algún dos criterios preferentes establecidos no artigo 14.6 da Orde reguladora.

.....
.....

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Negreira, dede 2026.
(SINATURA).



DECLARACIÓN DATOS DNI

Eu, D./Dona; _____, declaro baixo xuramento que;

1º O número do meu DNI é o seguinte; _____

2º Que a data de caducidade do mesmo é o seguinte: _____

3º Que a data de nacemento é a seguinte; _____

Negreira, asinado;

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que o CONCELLO DE NEGREIRA, con CIF P1505700C e domicilio en Rúa do Carme Nº3, 15830 NEGREIRA (A Coruña) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Emprego..A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada nos artigos 6.1 b) do RXPD: o tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación de medidas precontractuais a petición do Interesado; e o art.6.1 c): "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento" Os datos serán tratados de maneira confidencial e serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. Así mesmo, os datos serán publicados no taboleiro do Concello, na páxina web institucional e no BOP de A Coruña. O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición mediante escrito remitido á dirección do Responsable arriba indicada, solicitar máis información mediante correo electrónico á dirección dpd@concellodenegreira.es ou a través do Rexistro xeral do Concello de Negreira incluíndo os seguintes datos: nome e apelidos do interesado, fotocopia do seu documento nacional de identidade, ou do seu pasaporte ou outro documento válido que o identifique e, no seu caso, da persoa que o represente, petición en que se concreta a solicitude, dirección a efectos de notificacións, data e firma do solicitante. Pode obter máis información consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello: <https://concellodenegreira.gal/index.php/es/politica-de-privacidad>.

Negreira na data da sinatura dixital

O Alcalde. Manuel Ángel Leis Míguez